

CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CO CONCELLO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRILARES DO ALUMNADO CON DISCAPACIDADEE VINCULADO AO TÍTULO PROPIO DE FORMACIÓN EN HABILIDADES SOCIAIS E LABORAIS “PROGRAMA ESPAZO COMPARTIDO”

COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra D.^a Inés Rey García DNI 47361496B en nome e representación do Concello da Coruña CIF P1503000J e sede na Praza de María Pita, 1, A Coruña, CP 15001.

As dúas Entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

Establecer un convenio de colaboración que posibilite a posta en marcha do Prácticum II, especificamente orientado ao fomento da inclusión universitaria e da mellora da empregabilidade do alumnado do Programa “Espazo Compartido” (en diante, o Programa).

Para a posta en marcha deste, as partes asinantes acordan colaborar no deseño, execución, supervisión e avaliación dun Plan Individualizado de Formación Práctica (en diante, PIFP), orientado a cada alumno/a do Programa, nas condicións do Anexo II. Do PIFP non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

O PIFP permitirá ao/á alumno/a do Programa realizar un período de formación práctica, que se desenvolverá necesariamente nas dependencias da Entidades, e nun marco de cooperación e coordinación entre el persoal técnico e o equipo de docentes do Programa, ademais do persoal que a tal efecto designe a Entidades.

Este marco de colaboración que as partes acordan establecer rexerase, en virtude deste convenio, polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

“O Programa Espazo Compartido” é un título propio de formación en habilidades sociais e laborais, promovido pola UDC co patrocinio da Fundación ONCE e de Santander Universidades, destinado a persoas con discapacidade cognitiva leve e cuxo obxectivo último é fomentar a inclusión educativa e a empregabilidade deste colectivo mediante o aproveitamento das oportunidades da contorna universitaria.

A implantación deste programa, único no sistema universitario galego, permitiu recibir formación teórico-práctica nas instalacións da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da UDC e compartir co resto da mocidade da súa idade un espazo, o universitario, que ata agora resultaba inalcanzable para este colectivo.

O esforzo compartido de docentes, familias, alumnado, institucións e de toda a comunidade universitaria posibilitou, ademais, que parte deste grupo se atope preparado para una segunda experiencia profesional tutelada, cuxa posta en marcha resulta de interese para as partes asinantes, atendendo aos seus obxectivos en materia de responsabilidade social, fomento da inclusión educativa e mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade.

Para posibilitar la posta en marcha desta segunda experiencia laboral tutelada, as partes manifestan o seu interese en impulsar o Prácticum II, cuxa información básica se achega como Anexo I.

Co Prácticum II preténdese contribuír a que o alumnado do Programa afiance as competencias profesionais, mediante unha experiencia profesional práctica, que será tutelada por un lado, por persoal vinculado a institucións e empresas alleas á Universidade, e por outro, polas persoas expertas do Programa.

O Prácticum II resulta coherente co disposto no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e polo Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

SEGUNDA. Deberes da Entidade

Son deberes da Entidade:

1. Designar como titor/a do/a alumno/a, a un/ha traballador/a da empresa con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar un seguimento e control efectivo do PIFP. A persoa titora terá as seguintes funcións:
 - a) Asinar a proposta de PIFP para o/a alumno/a, que terá que axustarse ao modelo que se achega como Anexo II.
 - b) Velar polo cumprimento dos obxectivos do PIFP e avaliar a consecución dos obxectivos que nel figuran por parte do/a alumno/a.
 - c) Comunicar á UDC calquera circunstancia sobrevida que puidera impedir á empresa cumprir con algúns dos termos do PIFP ou implicara necesariamente unha modificación substancial do seu contido. Se este fose o caso, antes de comunicar a concorrencia de tales circunstancias ao alumnado do Programa, a Entidade dirixirá unha consulta á UDC para solicitar información relativa ao protocolo aplicable para estes supostos.
 - d) Comunicar calquera incidencia relacionada co cumprimento por parte do alumno dos obxectivos do PIFP.

Para o cumprimento de todas as obrigas sinaladas a Entidade e en particular a persoa titora contará co apoio e coa asistencia do persoal técnico da Unidade de Atención á Diversidade

da UDC e do persoal docente vinculado ao Programa.

2. Facilitar o labor que terá que desempeñar o/a Preparador/a Laboral designado/a para acompañar ao alumnado nas dependencias da Entidade durante a execución do PIFP. O/A Preparador/a Laboral desenvolverá, en particular, as seguintes funcións:
 - a) Acompañará á persoa en prácticas na súa incorporación á empresa.
 - b) Permanecerá nas primeiras xornadas no posto de traballo orientando á persoa en prácticas.
 - c) Axudará á persoa en prácticas a coñecer a nova contorna.
 - d) Apoiará na comprensión e no adestramento das tarefas encomendadas.
 - e) Realizará un seguimento periódico da evolución da persoa en prácticas.
 - f) Reforzará, a través de titorías, o adestramento que esixa o seu posto de prácticas.
 - g) Formará á persoa que titorizará ao/á estudante nos métodos de traballo con persoas con discapacidade cognitiva.
3. Poñer á disposición da persoa en prácticas os medios materiais que resulten necesarios e axeitados para a execución do PIFP. O PIFP haberá de desenvolverse, necesariamente, nas dependencias da Entidade.
4. Coñecer, aplicar e difundir na contorna laboral o protocolo que deseñou o persoal docente vinculado ao Programa establecendo pautas para aqueles supostos nos que puideran sobrevivir incidencias relacionadas coa saúde e/ou coa estabilidade do/a alumno/a.
5. Respetar a privacidade do/a alumno/a do Programa e particularmente o réxime que regula a privacidade de aqueles/as que se atopen en situación de tutela ou curatela. Os/As alumnos/as que se atopen nestes supostos non poderán ser obxecto de gravación ou retrato fotográfico sen o previo consentimento dos seus representantes legais. A UDC comunicará á Entidade a concorrencia de tales circunstancias con carácter previo á sinatura deste Convenio.
6. Facilitar a conciliación do PIFP coas actividades formativas complementarias ou de avaliación que foran propostas pola UDC e/ou polo persoal docente do Programa.

A Entidade comprométese, en particular, a permitir que a persoa en prácticas se ausente puntualmente para acudir a calquera proba ou actividade académica proposta pola UDC e/ou claustro docente do Programa. Tal autorización será concedida pola Entidade, a través do/a titor/a que designara, sempre e cando a persoa en prácticas achegue, coa suficiente e debida antelación, o xustificante que para tal efecto expedirá a UDC e/ou el persoal docente vinculado co Programa.
7. Non establecer ningún tipo de vínculo ou relación, laboral ou estatutaria, coas persoas en prácticas do Programa mentres dure o desenvolvemento do PIFP, salvo que o establecemento deste vínculo fora informado favorablemente pola UDC e polo persoal docente do Programa.

TERCEIRA.- Deberes da UDC

Son deberes da UDC:

1. Asesorar, informar e orientar á Entidade e en particular á persoa que titorizará desde a Entidade ao alumnado durante o desenvolvemento de todas as fases do PIFP, coa finalidade de asegurar un resultado satisfactorio da experiencia formativa.
2. Orientar á Entidade durante o proceso de selección e incorporación das persoas en prácticas. A UDC, á proposta do equipo docente do Programa, propoñerá á Entidade o/s perfil/s de aquelas persoas do Programa que puideran encaixar coa vacante para a súa valoración.

Neste sentido, a proposta que realice a UDC terá en consideración: as necesidades formativas e as aptitudes do/a alumno/a e as características da vacante en prácticas que a Entidade está en capacidade de ofrecer ao Programa.

3. Contactar periodicamente coa persoa en prácticas do Programa e en particular, coa persoa que titoriza por parte da Entidade, para realizar labores de control sobre o correcto desenvolvemento do PIFP. O persoal técnico designado pola UDC poderá realizar visitas periódicas á empresa durante o desenvolvemento do PIFP.
4. Facilitar á Entidade e ao alumnado do Programa calquera tipo de información e/ou documentación, non confidencial, que fose necesaria para o desenvolvemento do PIFP.
5. Informar á Entidade, a través do/a titor/a, da terminación do PIFP, con polo menos, unha semana de antelación. Neste sentido, a UDC comunicará á Entidade, a través do/a titor/a, e en canto tivera noticia, calquera circunstancia sobrevida que puidera impedir ao/á alumno/a cumprir con algúns dos termos do PIFP ou implicara necesariamente unha modificación substancial do seu contido.
6. Avaliar o grao de satisfacción da Entidade, unha vez culminado o período de formación práctica, mediante unha enquisa que se preparará para tal efecto e que será remitida e completada polo/a titor/a e polo persoal que para tal efecto designe a Entidade.
7. Verificar que a póliza de accidentes contratada cubra o período que corresponde coas prácticas.

TERCEIRA.- Dereitos e deberes do alumnado en prácticas

Son dereitos do alumnado de prácticas, durante o desenvolvemento do PIFP:

1. A recibir un trato digno, non discriminatorio e adecuado á súa discapacidade, de conformidade co previsto no art. 10 da Constitución Española.
2. A gozar do PIFP en condicións de igualdade de oportunidades e respecto cos demais estudantes universitarios que desenvolvan prácticas profesionais na Entidade.
3. A un PIFP inclusivo, que se definira tendo en conta as súas habilidades e as súas fortalezas.
4. A recibir apoio e titorización por parte das Entidades asinantes antes, durante e unha vez que

culmine a execución do PIFP.

5. A comprender os obxectivos da Entidade, a natureza e a relevancia do labor que desempeña e as pautas que regulan o fluxo de traballo e as relacións profesionais na organización.
6. Dispoñer do permiso necesario para realizar exames ou calquera outra actividade académica, sempre e cando conte coa debida xustificación, que terá que ser achegada mediante certificación expedida pola UDC e/ou persoal docente do Programa.

Garantírselle, en todo caso, os dereitos previstos no art. 9 do RD 592/2014.

Son deberes do alumnado en prácticas durante el desenvolvemento do PIFP:

1. Ao inicio de la Práctica, o/a alumno/a deberá formalizar a Carta de Concesión do Programa de forma que exprese a súa conformidade ca concesión da praza en prácticas.
2. Incorporarse á empresa ou Entidade na data sinalada no PIFP.
3. Desenvolver una actitude favorable na súa inclusión coa Entidade implicándose coas tarefas con total dilixencia.
4. Informar á persoa que titorice as súas prácticas dos seus avances no desenvolvemento do PIFP.
5. Participar en calquera actividade formativa que sendo organizada pola empresa, fose suxerida pola persoa titora. No suposto de que a empresa organice accións formativas fóra do horario do PIFP, a asistencia para a persoa en prácticas do Programa será voluntaria.
6. A asistencia do alumnado en prácticas será obrigatoria cando as accións de formación propostas pola persoa titora se organicen dentro do horario fixado no PIFP. Se este fose o caso, antes de comunicar a concorrencia de tales circunstancias ao alumnado, a Entidade dirixirá unha consulta á UDC para solicitar información relativa ao protocolo.
7. Respetar, en todo momento, a normativa da Entidade, seguindo as instrucións que lle serán dadas pola persoa titora.
8. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na empresa ou calquera aspecto económico ou comercial de análoga natureza. Así como a non explotar aqueles traballos realizados na práctica obxecto deste convenio sen a autorización expresa en ambos casos da empresa. Este compromiso será válido, no só durante a práctica, senón tamén unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, establecerá a propia empresa. Esta circunstancia deberá ser recollida no correspondente documento.

CUARTA.- Avaliación do alumnado

Ao remate do PIFP, a UDC poderá solicitar á empresa a súa colaboración na realización dun informe que de conta do resultado da experiencia formativa.

QUINTA.- Resolución das prácticas

A execución do PIFP darase por rematada en nos seguintes supostos:

1. Cando a UDC comunique á Entidade, a través da persoa que titoriza, que o/a alumno/a causou baixa no Programa ou nas “Primeiras Experiencias Laborais”.

2. Cando a Entidade comunique á UDC por escrito a súa vontade de dar por rematada a execución do PIFP. Tal circunstancia deberá ser comunicada á UDC cunha antelación mínima de tres días antes da data na que se pretenda dar por finalizado o período de formación práctica.

3. A concorrencia de circunstancias sobrevidas que puideran impedir á Entidade ou ao Programa cumprir con algúns dos termos do PIFP ou que implicaran necesariamente unha modificación substancial do seu contido. Se este fose o caso, os asinantes comprométese a comunicar tal circunstancia á parte afectada cunha antelación mínima de tres días antes da data na que se deba dar por finalizado o período de formación práctica.

En calquera caso, antes de comunicarllo ao alumnado en prácticas, a Entidade dirixirá unha consulta á UDC para solicitar información relativa ao protocolo aplicable.

SEXTA.- Réxime das prácticas

A duración das prácticas será de 175 horas a realizar ao longo de 35 días laborables, que se contarán a partir da data indicada no PIFP, salvo denuncia expresa de calquera das partes.

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, malia que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Neste caso, a Entidade deberá dar de alta na Seguridade Social o alumnado e cotizar por el nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, e a normativa que o desenvolva, sen prexuízo que poidan ser asumidas pola FUAC (Fundación Universidade da Coruña), medio propio e servizo técnico da UDC, ou outras entidades que teñen tal condición

SÉPTIMA.- Xurisdición

Este Convenio de Colaboración é produto da boa fe, en razón ao cal todo litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultantes da execución ou interpretación deste procurará ser resolto pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula novena e, só no caso de que iso non fose posible, as partes, renunciando a calquera outra xurisdición que puidera corresponderlles, se someterán, con renuncia expresa a calquera outro foro, aos Xulgados e Tribunais competentes.

OITAVA.- Protección de datos

A sinatura dun convenio de cooperación educativa de prácticas externas e os seus anexos implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

A UDC e as entidades que traten os datos persoais con esta finalidade gardarán o deber de confidencialidade sinalado no art. 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de

datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Igualmente, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos por esta lei ás persoas interesadas. O tratamento para calquera outro fin requirirá o consentimento expreso das persoas titulares, nos termos da normativa de protección de datos persoais.

NOVENA. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e seguimento do presente Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento, integrada polos seguintes membros:

Unha persoa en representación da Entidade
Unha persoa en representación da UDC
Unha persoa en representación do Programa

DÉCIMA.-Duración do Convenio

A duración deste Convenio terá unha duración de 4 anos que se contarán a partir do día seguinte á súa sinatura e unha vez que o ratifique o Consello de Goberno segundo o artigo 27.2.0) dos Estatutos da UDC, despois dos cales se poderá renovar por iniciativa de calquera das partes.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, sucesivamente, ou ata a súa extinción.

UNDÉCIMA.- Normativa

Seránlle de aplicación ás prácticas académicas o Regulamento de Estudos Propios de Posgrao, aprobado polo Consello de Goberno o 25 de outubro de 2006, e modificado o 28 de abril de 2010, e no seu defecto en todo aquilo que sexa acorde coa natureza e coa normativa dos títulos propios, o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 en todo aquilo que sexa acorde coa natureza e coa normativa dos títulos propios.

DUODÉCIMA.- Difusión e publicidade

As partes asinantes comprométese a utilizar todos os medios ó seu alcance para a adecuada difusión e promoción da súa colaboración.

A UDC velará por que as referencias, actos, resención xornalística e publicacións relacionadas co Programa mencionen expresamente a colaboración da Entidade cando a Entidade manifeste a conformidade.

E, en proba da súa conformidade, asinan este convenio dixitalmente

A Alcaldesa do Concello da Coruña

O reitor da Universidade da Coruña

Inés Rey García

Julio Abalde Alonso

36013481N JULIO
ERNESTO ABALDE (R: Q6550005J)
(R: Q6550005J)

Firmado digitalmente por
36013481N JULIO ERNESTO
ABALDE (R: Q6550005J)
Fecha: 2021.04.22 12:11:41
+02'00'